



## Asociación GDR 1 Terras de Miranda. GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL



# Europa inviste no medio rural

## ¿Que é o GDR Terras de Miranda?

O Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Miranda é unha asociación sen ánimo de lucro formada por un conxunto equilibrado e representativo de axentes locais, públicos e privados dos diferentes sectores socioeconómicos, cuxo obxecto é promover e soste-lo desenrolo local/ rural no seu ámbito de actuación: Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzán, Mondoñedo, Oul, O Valadouro, O Vicedo, Ribadeo, Trabada, Viveiro e Xove. Entidade colaboradora de Agader (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) na xestión da medida Leader de Galicia 2014-2020.

### 1. TIPOS DE PROXECTOS E BENEFICIARIOS:

Serán subvencionables os proxectos que teñan encadramento na Estratexia de desenvolvemento local do GDR, de forma que respondan ás prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na Estratexia.

#### PROXECTOS PRODUTIVOS

Os que supoñan a realización dunha actividade económica con fin lucrativo tendentes á produción de bens e/ou servizos e que supoñan unha creación e/ou mantemento do nivel de emprego.

#### PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Os que teñan un interese público ou colectivo e non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa.

#### BENEFICIARIOS

Con carácter xeral poderán ser beneficiarios das axudas:

- As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia.

### OS BENEFICIARIOS DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:

- Cumprir os requisitos de PEME, agás as entidades públicas de carácter local, así como os beneficiarios das axudas a proxectos non produtivos.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos párrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

### 2. OS PROXECTOS DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:

1. Estar localizados no ámbito territorial de aplicación da Estratexia de desenvolvemento local do GDR.
2. Ser viables técnica, económica e financeiramente, para proxectos de natureza produtiva e técnica e financeiramente para os non produtivos.
3. Axustarse á normativa sectorial que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
4. Non estar iniciados na data de presentación da solicitude de axuda.
5. Ser finalistas, é dicir, que á data da Xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados.

### 3. INTENSIDADE DA AXUDA

#### PROXECTOS PRODUTIVOS

A intensidade da axuda situarase entre un mínimo do 15% e un máximo do 50% do investimento total subvencionable. O importe da axuda estará limitado a un máximo de 200.000 €.

Os investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da madeira como materia prima que sexan anteriores á primeira transformación industrial terán unha intensidade da axuda entre un 15% e un 40%.

#### PROXECTOS NON PRODUTIVOS

A intensidade da axuda situarase entre un mínimo do 30% e un máximo do 90% do investimento total subvencionable. O importe da axuda estará limitado a un máximo de 200.000€.

### 4.- MEDIDAS SUBVENCIONABLES

- > **Investimentos no sector da produción agraria primaria.** Investimentos en explotacións agrarias que se refiran á mellora da eficiencia enerxética das mesmas e/ou ao emprego de fontes de enerxía renovables e pequenos proxec-



tos que supoñan o inicio dunha actividade agrícola, gandeira ou agro-forestal que constituía unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto. (proxectos produtivos).

- > **Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.** Investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización de empresas destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e exceptuando os produtos da pesca. (proxectos produtivos).

- > **Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais.** Investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da madeira como materia prima que sexan anteriores á primeira transformación industrial. (proxectos produtivos).

- > **Investimentos que supoñan diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias.** Investimentos que impliquen o inicio ou mellora dunha actividade produtiva complementaria da propia actividade agraria e que se desenvolva na explotación agraria: (proxectos produtivos)

- a. Elaboración e venda de produtos artesanais
- b. Agroturismo
- c. Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización do patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais.
- d. Prestación de servizos á poboación.

- > **Investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias.** Investimentos que supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas en sectores

da economía distintos ao da produción agraria primaria. (proxectos produtivos).

- > **Investimentos en proxectos non produtivos.** Proxectos que interesen e beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación ou da sociedade e que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica:

- a. Investimentos referidos á creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural, así como as actividades recreativas e culturais e as súas correspondentes infraestruturas. (proxectos non produtivos).

- b. Investimentos en mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas de alto valor natural. (proxectos non produtivos).

### GDR-1 ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA

Rúa Julia Pardo Montenegro, 13

27740 Mondoñedo (Lugo)

Teléfono fixo: 982507111

Teléfono Xerente (M<sup>a</sup> Elena Martínez Paz): 648921310

Teléfono Presidente (Vidal Martínez- Sierra López): 689678946

terrasmiranda@gmail.com

www.terrasdemiranda.org





## Segundo proposta de Xunta Directiva os proxectos produtivos subvencionados nesta anualidade son os seguintes:

O GDR -1 Terras de Miranda xestiona na convocatoria actual 2019-2020 un orzamento total para Estratexia de 621.709,47€. De estos fondos irán destinados a proxectos produtivos un total de 494.135,98€, para proxectos non produtivos de Entidades Públicas 99.473,51€ e para proxectos non produtivos de Entidades privadas 28.099,92€.



### L19-1920-01-110

#### “ARAUCARIA HOUSE” EN BARREIROS

Na parroquia de San Cosme, esta situado o obxecto deste proxecto. Na rúa Prado existe un conxunto de edificacións que son coñecidos como “A Casa de Don Eugenio”. Ten unha extensión de 7.726 m<sup>2</sup>, ocupada por unha casa principal coa súa finca cerra, cunha superficie de 5.619 m<sup>2</sup> e anexas a ela unha eira e hortas cunha palleira, hórreo e pozo. Mediante este proxecto preténdese a rehabilitación de parte de este conxunto para convertelo en un establecemento de hostalería coa clasificación turística de “Casa Grande”.

Inexorablemente o obxectivo xeral de este proxecto e impulsor o recoñecemento sustentable do patrimonio cultural e ambiental, para protexer os importantes recursos patrimoniais do territorio, aos que se unen as potencialidades ambientais, que xuntos dan forma o territorio. Para elo a rehabilitación dun ben que figura na “lista de bens con valor cultural e que deben ser obxecto de protección” elaborada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, será o primeiro paso.

Xunto a este gran obxectivo xeral, non se esquece o emprego da figura do turismo como eixo vertebrador do territorio, fomentando sinerxías entre o turismo e o resto de sectores económicos do territorio, obtendo como resultado a mellora da calidade de vida da poboación e potenciando a creación de emprego.

A casa consta dunha edificación principal, que se divide en planta baixa, primeira planta e baixo cuberta, e catro edificacións secundarias, formando todo un conxunto homoxéneo, e que pertencen a o mesmo titular e encadradas baixo a mesma finca. Como parte de edificación está des-

tinada a vivenda de vacacións, uso particular, as zonas afectas pola rehabilitación para uso hoteleiro serán: edificación principal e anexos. As novas instalacións contarán con sete cuartos dobres e un cuarto individual, oito baños, e un total de 18 prazas (hai tres cuartos con praza supletoria). Ademais de un comedor, sala de lectura, salón 1ª planta, ximnasio, zoa de xogos, sala de reunións, salattaller, coxina-office, comedor exterior e grellada.

Nun futuro construírse, unha pista de padel, nun emprazamento secundario, que non afecta á visión xeral do conxunto.

A rehabilitación de todas estas edificacións logrará unha conservación, mellora, divulgación e fomento do patrimonio rural, no só a nivel arquitectónico, senón tamén ambiental, cultural e etnográfico. Para protección deste lugar emblemático do Concello de Barreiros e necesario nun primeiro lugar a rehabilitación destas edificacións logrando a conservación a nivel arquitectónico.

Para a divulgación dos recursos cos que conta o Concello de Barreiros (casas típicas colonias como ... castros, San Miguel, Merille, Cillero, Capelas e iglesias, escudos Villadaide, Pumarín, cascadas naturais e fontes mineiro-medicinais situadas en San Estevo do Ermo (fauna he-lecho, caracol, ...), cotos para a pesca do salmón e da troita no Río Masma e 8 km de praias onde se poden encontrar os biteres e se recomenda o visitante), xunto coa historia da casa e da árbore e sen esquecer que o Camiño Norte de Santiago discorre polo Concello, organizaranse charlas e coloquios cos historiadores locais na sala de reunións e na sala-taller. Realizaranse rutas de sendeirismo

que existen na Parroquia en colaboración con Asociacións, como a ruta dende a Praia de Altar ata o paraxe natural de San Estevo do Ermo, (a ruta das mareas en colaboración co Xesús Seivane) rutas a cabalo para sacarlle o máximo proveito os recursos naturais que poden realizarse polas praias ou na mesma finca da Casa para os menos afortunados.

Todas estas actividades contribúen o sostemento da fauna e flora tradicional, a conservación paisaxística, a divulgación do Camiño de Santiago e teñan como finalidade o fomento do patrimonio rural, englobando no mesmo o arquitectónico, medioambiental, cultural e etnográfico.

Debese fomentar as actividades turísticas, ampliando a oferta complementarias ou servizos de apoio o turismo, para lograr o aumento da estancia e do gasto do turista, como a firma de distintos convenios de colaboración complementaria o servizo ofertado, entre eles: “Rutas da costa verde” coa empresa Maremasma SL; “Barreiros Mar e Monte” coa colaboración de Xesús Seivane Vázquez; “Cabaliño en Sargadelos” coa colaboración de Raúl Fraga García.

Por outro lado a presenza nas redes sociais hoxe en día e fundamental para este tipo de negocio. A creación da propia páxina web, será unha ventá orientada o servizo dos hóspedes e de todas aqueles que nos visitan, tanto nacionais como estranxeiros.

**Promotora do proxecto:**  
Mª Isabel Prieto Fernández  
**Orzamento aceptado:** 509.007,45 €  
**Porcentaxe de axuda:** 50%  
**Importe da axuda:** 200.000 €



### L19-1920-01-101

#### “SEMPER PROMOCIÓN E PREVENCIÓN DA SAÚDE” EN MONDOÑEDO

No proxecto que se presenta pretenden adquirir un inmoble, un baixo co fin de habilitalo como un centro de rehabilitación, prevención e promoción para a saúde, no que a promotora exercerá servizos de fisioterapia especializada en rehabilitación, prevención e promoción para a saúde. Neste centro coa fin de complementar a oferta da sanidade pública a través dun servizo integral, contará coa colaboración de unha nutricionista e unha psicóloga.

Este profesional que inicialmente realiza ao paciente unha valoración inicial propia con base a probas médicas previas ou indicadas pola propia profesional, tendo en conta a mobilidade ou patoloxía propia do paciente, con base nisto centrase na orixe do problema, non no problema en si, xa que nada serve diminuír os síntomas se non se trata a orixe do problema. Unha vez elaborado un diagnóstico, non só se realizan as sesións propias de fisioterapia, senón que se lle pautan ao paciente, se procede unha serie de exercicios terapéuticos adaptados á súa patoloxía, que se realizan con el, isto é, educación para a sanidade. Unha vez que se comproba que o paciente realiza correctamente os exercicios indicados, xa os realizará el no propio domicilio baixo a supervisión do profesional.

**Promotora:**  
Susana De Miquel Quirós  
**Orzamento aceptado:** 26.503,38 €  
**Porcentaxe de axuda:** 46,11%  
**Axuda concedida:** 12.220,71 €, inda que neste momento conta con unha adxudicación parcial de 6.477,20 € ao non haber máis fondos dispoñibles.

A profesional especializada en fi-



### L19-1920-01-117

#### “ALDEA DE TURISMO RURAL” EN OOUROL

Trátase dun conxunto de catro edificacións tradicionais, que se atopan moi próximas, nun mesmo entorno.

As edificacións atópanse situadas no lugar de O Viso, un núcleo rural pertencente a Oourol, onde se pretende instalar unha aldea de turismo rural cunha ampla superficie para realizar actividades diversas.

Pretendese rehabilitar as edificacións, para adicalas a turismo rural, de modo que constituían un conxunto armonioso que se poida englobar dentro da categoría de aldea rural. Polo tanto, todas as intervencións realizaranse de maneira máis respectuosa posible co conxunto orixinal.

O establecemento, formado por va-

rias edificacións, contará con 5 habitacións e 11 apartamentos, con zonas comúns, que incluírán coxina, salóns sociais, área de piscina e actividades; así como con un pequeno restaurante, que se especializará en comida vegana.

Estímase unha antigüidade de todas as edificacións superior aos 75 anos, inda que a maioría sufriron diversas reformas, sobre todo nos interiores. Atópanse en moi mal estado e necesitan reformas integras.

**Promotora do proxecto:** Pascale Claude Monique Huguette  
**Orzamento aceptado:** 621.361,84 €  
**Porcentaxe de axuda:** 50%  
**Importe de axuda:** 200.000 €



### L19-1920-01-102

#### “AUMENTO DE CAPACIDADE DE PRODUCCIÓN EN CERVO”

A empresa Burelarte, S.L fundase no ano 1980 nun pequeno edificio no municipio de Burela, adicándose á fabricación de distintas pezas artísticas, ornamentais nun gres porcelánico composto coas materias primas da zona: caolín, arxilas, feldepató e cuarzo. No ano 2000 constrúese unha nova planta en San Cibrao e trasladábase case toda a actividade da empresa ás novas instalacións.

O novo proxecto, pasa por un aumento paulatino da capacidade de produción actual ata dobrala, para iso, inverterase en cinco proceso produtivos:

- Aumento do número de moldes das máquinas actuais de inxección.
  - Aumento da capacidade de fabricación de pasta mediante po atomizado.
  - Aumento da capacidade de produción de esmaltes.
  - Aumento da capacidade de esmaltado.
- Promotor do proxecto:**  
Burelarte, S.L.U  
**Orzamento aceptado:** 136.439,58 €  
**Porcentaxe de axuda:** 50%  
**Importe da axuda:** 68.219,79 €



### L19-1920-01-121

#### “GLOBAL DIXITAL IMPRESIÓN- MERCHANDISING DEL PERFUME” EN XOVE

Global dixital impresión – merchandising do perfume, é a fusión das gráficas, o deseño, a publicidade mediante a impresión dixital por unha banda e o mundo do perfume por outro.

- Céntranse en tres produtos:**
- Ambientadores de coches.
  - Ambientadores mikado fogar.
  - Frasco de perfume.

Mediante a impresora faise a serigrafía, os frascos cunha imaxe, texto, logotipo... segundo a temática ou marca a reproducir. A impresión dixital permite que a imaxe quede adherida ao vidro e a diferenza dun adhesivo, no se pode eliminar.

Ademais, coa mesma impresora, poden imprimir nas caixas nas que irán empacetalados os frascos e, así tematizala e/ou personalizala segundo o cliente ou a temática para reproducir.

O elemento diferenciador respecto a competencia é ofrecer ás empresas un novo soporte para o agasallo

promocional. Aínda que a base do proxecto é o perfume, a impresora dixital led uv, permite unha gran marxe de manobra dos produtos co que traballar, xa que permite imprimir sobre madeira, metacrilato, cartón, plástico, tea, coiro, polipiel, pedra etc...

O traballar con esta impresora vai permitir entrar no mundo da personalización de obxectos.

Definición do servizo que realizará a empresa:

#### A. Personalización:

- Servizo a empresas: A empresa ofrecerale aos clientes un servizo integral de todo o proceso do deseño, a impresión, e elección do soporte e a fragancia. O proceso central, é a impresión dixital LEC-UV, que mediante os seus cabezais pode imprimir sobre calquera superficie como vidro, madeira, metal, plástico, cartón, coiro, pel, metacrilato, pedra, etc., aínda que o enfoque vai ser sobre o vidro no que

temos a opción de crear o relevo, os logotipos de clientes. Do mesmo xeito que os frascos nas caixas poderanse imprimir os deseños dos clientes polo que o produto final queda totalmente personalizado segundo a demanda do cliente.

- Servizo a particulares: A empresa ofrecerá tamén ao particulares o servizo de personalización xa que coa impresora podemos imprimir desde un produto ata 120 á vez.

#### B. Temáticas Xerais.

Estas temáticas están enfocadas á venda nos mercados temáticos, ambulantes, feiras de mostras. Nas paradas de mercados terase unha exposición duns 300 modelos diferentes.

**Promotor do proxecto:**  
Jesús Rojas Sampedro  
**Orzamento aceptado:** 38.877,99 €  
**Porcentaxe de axuda:** 50%  
**Importe da axuda:** 19.438,99 €

Dentro dos proxectos de animación realizados polo GDR-1 Terras de Miranda na anualidade 2019 podense destacar: “Impulso da comercialización e posicionamento da marca Terras de Miranda-Turismo de Lugo” e Publicación da Tese Doutoral: “O Bispado de Mondoñedo na Idade Media: Territorio, Comunidade e Poder”.

## IMPULSO DE COMERCIALIZACIÓN E POSICIONAMENTO DA MARCA TERRAS DE MIRANDA - TURISMO DE LUGO

Este proxecto é a terceira parte dun proxecto de creación de sinerxias no territorio a partir do turismo como eixo central, no cal leva traballando o GDR dende o 2017. No primeiro proxecto “Impulso da competitividade da economía local a través de iniciativas turísticas” traballouse na mellora da competitividade local a través da realización de varios obradoiros: xeración de redes de traballo, obradoiro de codeseño de rutas experienciais e obradoiro de calidade e realización de visitas e experiencias turísticas, contando nese momento con un total de 54 empresas adheridas, e o deseño de varias rutas temáticas experienciais autoguiadas que intentan vincular os recursos naturais, culturais e patrimoniais cos recursos gastronómicos do territorio (Ruta A Moenda, A Horta, O gando, O bosque, O Marisco, O peixe de mar, Caza e pesca, Os Docos, Menú Cuntalquero e O peregrino do Camiño Norte), as cales están na páxina web do GDR, [www.terrasdemiranda.org](http://www.terrasdemiranda.org), no segundo proxecto “Valorización dos produtos agroalimentarios a través do sector turístico” que trata de mellorar a competitividade do tecido empresarial, así como a xeración de sinerxias que redunden en experiencias paquetizadas, realizáronse unha serie de obradoiros de networking para a creación de sinerxias a través de experiencias paquetizadas e de



marketing online, intentando mellorar o potencial para a comercialización dos produtos e servizos do territorio. Este proxecto termina coa elaboración de varias experiencias paquetizadas (Un soño real, Terras de Maxia, Segredos de Miranda, Delicatessen na Mariña e Cultura do Mar), que tamén están na páxina web do GDR e un total de 84 empresas do territorio adheridas ao proxecto.

Este ano os obxectivos son os seguintes: consolidar a oferta turística de Terras de Miranda, crear unha rede de prescricores da oferta de Terras de Miranda, na que os propios adheridos sexan capaces de transmitir ao seu público a variedade

de recursos e experiencias do territorio dun xeito profesional, impulsar a comercialización de experiencias do destino a través da intermediación turística (realizarase un Fam Trip do paquete base deseñado ao que asistirán axencias de viaxes a nivel nacional), posicionar a marca Terras de Miranda- Turismo de Lugo como un espazo cultural, social e económico común integrado polos concellos do territorio, desestacionalizar a demanda mediante a creación dunha oferta adaptada á tempada menos turística e reconducir os fluxos turísticos cara a zonas menos desenvolvidas, fomentando así o desenvolvemento sostible do territorio. ▶



## Segundo proposta de Xunta Directiva os proxectos non produtivos subvencionados nesta anualidade son os seguintes:



### Proxectos non produtivos de Entidades Privadas:

#### L19-1920-01-113

##### “DIVERSIFICACIÓN DE ACTIVIDADES: CREACIÓN DUNHA AULA MULTIUSOS, AULA DE PSICOMOTRICIDADE E AULA SENSORIAL EN CENTRO DE DÍA” EN VIVEIRO

O proxecto que nos ocupa “Diversificación actividades: creación sala multiusos, psicomotricidade e multisensorial no Centro de día. Esta pluralidade permítenos poñer en práctica actividades complementarias e necesarias que no seu conxunto conforman esa atención integral a nivel individual e colectiva, favorecendo a consecución dos obxectivos principais do noso centro de día para persoas con necesidades de apoio extenso e xeneralizado.

##### Obxectivos no taller da sala de multiusos:

- Aprender a manexar o ordenador
- Iniciar o uso de Internet
- Mellorar a discriminación visual, asociativa e auditiva
- Promocionar, mediante o xogo, un estado de benestar
- Interaccionar cos participantes
- Estimular funcións cognitivas: atención, percepción, memoria,...

##### Obxectivos da sala de psicomotricidade:

- Mellorar a marcha e as transferencias da forma máis autónoma posible
- Manter unha axeitada hixiene postural
- Previr caídas
- Coordinar os movementos e traballar a forza muscular
- Reducir a ansiedade e estrés
- Mellorar e aprender habilidades sociais e cognitivas

##### Obxectivos da sala multisensorial:

- Favorecer o desenvolvemento das capacidades sensoriais
- Mellorar a coordinación non verbal
- Aumentar o grao de autonomía
- Potenciar o desenvolvemento cognitivo
- Optimizar o benestar e a calidade de vida

O Centro de día para persoas con discapacidade intelectual, é un servi-

zo de estancia diúrna asistencial que proporciona unha atención integral ás persoas en situación de dependencia, co obxectivo de mellorar ou manter o mellor nivel posible de autonomía persoal.

##### Os destinatarios do proxecto serán:

- Persoas con necesidades de apoio extenso e xeneralizado, usuarios/as do centro de día. Na actualidade 18 persoas con discapacidade intelectual que asisten diariamente ó centro de día.
- Persoas con necesidades de apoio límite e intermitente, usuarios/as do centro ocupacional. Na actualidade 37 persoas con discapacidade intelectual que asisten diariamente ó centro ocupacional.

**Promotor do proxecto:** ASPANANE  
**Orzamento aceptado:** 34.833,18 €  
**Porcentaxe da axuda:** 80,67%  
**Importe da axuda:** 28.099,93 €



### Proxectos non produtivos de Entidades Públicas:

#### L19-1920-01-111

##### “CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS EN VILAPERECIDE” EN TRABADA

Con este proxecto o que pretenden é crear un centro de novas tecnoloxías e I+d+i na escola de Vilapercide, que está situada a 2 Km da capitalidade municipal.

Trátase dunha iniciativa de carácter innovador que favorecerá a aplicación das novas tecnoloxías promovendo a capacidade de xerar sinerxías e traballar en rede.

Na actualidade na zona de actuación encóntrase un edificio de 157,98 m<sup>2</sup> en moi mal estado pola falta de mantemento nas últimas décadas.

Trátase de facer unha rehabilitación integral do mesmo que permita poñer en valor un ben patrimonial do Concello e que permita un uso para os veciños, implantando as novas tecnoloxías na poboación da zona.

Os destinatarios son en particular a toda a poboación da parroquia, xa que o uso das novas tecnoloxías é fundamental en calquera idade.

A finalidade é dotar dos medios necesarios para crear unha aula de novas tecnoloxías, con ordenadores, proxectores, pantallas... en xeral a todo o público, xa que en dito lugar tamén hai unha asociación de veciños que ven desenvolvendo diversas actividades ao longo do ano abertas a todo o público en xeral.

O uso previsto é de carácter educativo-cultural, xa que o que se pretende é desenvolver diferentes cursos de informática e mecanografía, así como outros cursos de manexo de móbil, táblets, redes sociais coa finalidade de achegarlle á veciñanza deste núcleo rural novas ferramentas que lles

permitan un mellor uso destas ferramentas, cada vez máis necesarias para o día a día.

En definitiva, este é un investimento para achegar as novas tecnoloxías aos veciños. As tecnoloxías da información e da comunicación revolucionaron a relación das persoas co seu entorno, e no rural non podemos ser alices a estos cambios.

Son moitas as persoas, as empresas que están presentes aínda que a quen carece de coñecementos sobre a materia, lle pode parecer mais complicado do que na realidade é.

O rural, no que están asentadas maioritariamente pequenas empresas, a maioría de índole familiar, deben aproveitar estas novas posibilidades. A globalización pecha algunhas portas pero abre moitas outras e debemos tomar nota e desde as Administracións Públicas achegar estas ferramentas aos nosos veciños, xa que unha das medidas mais necesarias, é volver a crear unha economía circular nas zonas rurais. Temos polo tanto unha oportunidade para facelo. A través das TIC's, isto é, como oportunidade do cambio demográfico, como eixe do desenvolvemento estratéxico territorial.

**Promotor do proxecto:** Concello de Trabada  
**Orzamento aceptado:** 226.992,12 €  
**Porcentaxe da axuda:** 90%  
**Importe da axuda:** 200.000€, inda que neste momento conta con unha adxudicación parcial 99.473,51 € ao non haber máis fondos dispoñibles.

### PUBLICACIÓN DA TESE DOUTORAL: “O BISPADO DE MONDOÑEDO NA IDADE MEDIA: TERRITORIO, COMUNIDADE E PODER”

O proxecto basease na publicación da Tese Doutoral “O bispado de Mondoñedo na Idade Media: Territorio, Comunidade e poder” dirixida polo profesor de Historia Medieval da USC Carlos Balía Pérez que investiga con detalle o proceso de creación da Diocese Mindoniense.

Supón a primeira ocasión na que se aborda o estudo académico da construción da historia do territorio englobado no termo diocesano mindoniense entre os séculos IX e XIII. Esta tese abrangue completamente

a Diocese de Mondoñedo- Ferrol, 27 concellos lucenses das comarcas de Terras de Miranda, Terra Chá e 13 concellos coruñeses.

O obxectivo é dar a coñecer este traballo de investigación que implica o incremento significativo do coñecemento dispoñible sobre a traxectoria histórica medieval dos concellos asociados, sendo aplicable esta información en ámbitos específicos como a posta en valor e conservación do tecido patrimonial ou a promoción turístico-cultural.

